



## **R garante as comunicacións e colabora con iniciativas sociais para eliminar barreiras de conectividade**

- **O operador galego tenta responder solidariamente as peticións e necesidades da contorna local mediante actuacións de compromiso social, levando á práctica o lema de «Tecnoloxía por e para as persoas».**
- **Entre outras, destaca a achega de 200 tarxetas SIM e 300 conexións gratuítas a wificlientes R para alumnos/as de familias desfavorecidas, acción enmarcada na iniciativa da Xunta para asegurarlles a conectividade escolar durante o confinamento**
- **R abriu o seu servizo de televisión *online* tvcomigo durante a crise sanitaria a persoas hospitalizadas, sexan ou non clientes de R**
- **Os clientes do operador galego poden gozar, nesta etapa de illamento, de canles infantís e de cine en aberto, sen custo adicional, e recibiron gratuitamente un bono de datos de 30 xigas**

**Mércores, 29 de abril de 2020.-** Mes e medio despois do decreto que obrigaba ao confinamento das persoas e **R** mantén o seu compromiso de proporcionar a mellor calidade nas comunicacións entre persoas e empresas, facendo seguimento en todo momento do tráfico e do caudal dos datos para dimensionar a rede en función das necesidades e usos. Todo iso co obxectivo de proporcionar unha **boa experiencia de usuario**, máis aínda nestes momentos nos que as familias, as empresas e os servizos sanitarios e de emerxencias precisan estar conectados.

### **Tecnoloxía por e para as persoas. Compromiso coa sociedade**

Ademais do seu papel como operador, proporcionando unha rede de última xeración e prestando servizos e produtos avanzados de telecomunicacións ao mercado, **R**, fiel ao seu rol de empresa responsable, está a contribuír de forma solidaria ás peticións e necesidades da contorna local mediante actuacións de compromiso social, facendo realidade o lema de «Tecnoloxía por e para as persoas».

Por iso, na súa aposta pola proximidade á xente, os equipos de servizo público de **R** incrementaron as súas accións dirixidas a facer máis fácil de levar o confinamento nos fogares e, nos centros sanitarios, ás persoas que están hospitalizadas. Entre estas accións están:

- Apertura a todas as persoas hospitalizadas da plataforma de televisión *online* **tvcomigo**, independentemente de se son clientes/as ou non de **R**. En 15 días, máis de 1.000 persoas activaron xa este servizo gratuíto.
- Colaboración directa coa iniciativa da Xunta de Galicia (a través da Consellería de Educación e da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia), para dotar de **conectividade nos seus fogares aos/ás alumnos/as de familias con menos recursos económicos** e permitirilles seguir o resto do curso telematicamente durante a crise sanitaria. **R** achega, neste caso, 200 tarxetas SIM de datos e abre gratuitamente a súa rede wificlientes **R**, a maior rede wifi de Galicia, a 300 usuarios/as.
- Envío de mensaxes vía correo electrónico aos seus/súas clientes/as con consellos sobre o uso dos seus servizos e **recomendacións de uso racional e responsable da rede** para lle ofrecer ao/á usuario/a unha experiencia de alta calidade.
- Adaptación á nova situación dos contidos de todas as súas redes sociais e blog para poder **escoitar as principais inquietudes dos seus/súas clientes/as** e adecuar os seus servizos e conectividade a cada momento.
- Reforzo das súas plataformas de atención ao cliente residencial e o soporte técnico a empresas para dar resposta ás necesidades de **teletraballo das súas empregadas e empregados**.

Creación dun **sitio específico na súa web** para manter informados a todos os/as usuarios/as con noticias, consellos e formas de contacto ante calquera dúbida durante a crise sanitaria: [R.gal/euquedonacasa](http://R.gal/euquedonacasa)

## **Maior conectividade e máis contidos de lecer e formación**

A conectividade é unha das pedras angulares da sociedade dixital. A vida da cidadanía e a actividade das empresas dependen en gran medida de manter á súa disposición os servizos e as redes de telecomunicacións, e a situación de emerxencia sanitaria actualmente existente destacou aínda máis esta necesidade.

O equipo de profesionais de **R** está a centrar a súa atención dende o comezo do estado de alarma en pór os seus servizos de telecomunicacións a disposición dos/as usuarios/as, que demandan, por unha banda, maior conectividade nos seus dispositivos para teletraballar e manter conversacións telefónicas ou videoconferencias cos seus familiares e amigos e, por outro, máis contidos de lecer, sobre todo de televisión, para amenizar o seu confinamento.

Así, destaca o éxito de iniciativas destinadas ao lecer e o estudo na casa como:

- Apertura de canles infantís e de cine da televisión **R** para todos os/as usuarios/as, independentemente do paquete que teñan contratado.
- Incorporación ao vídeo baixo demanda da plataforma de televisión de **R** (**rebobina**) dun especial educativo da *Canal Historia* enfocado aos estudantes.

- Aumento de conexión móbil de 30 gigas de datos gratuítos para as persoas que non teñan posibilidade de usar a rede fixa.
- Incorporación de novas canles á oferta de televisión de **R**, como *Surf Channel*, para todos os usuarios.
- No ámbito de atención a empresas clientes fortaleceuse e dimensionouse a rede para lles garantir ás compañías a continuidade do servizo ante o incremento de teletraballo. Tamén se habilitaron en tempo récord accesos VPN, solucións *cloud*, etc.
- Habilitouse tamén unha plataforma de formación *online* gratuíta durante este período para os clientes de empresa mediante campañas quincenais orientadas á mellora do teletraballo con contidos como ciberseguridade, equipos, motivación, etc.

Como sempre, tendo en conta que os patróns de uso destas últimas semanas son superiores aos habituais, **R**, igual que o resto dos operadores, mantén as súas recomendacións para gozar dunha boa experiencia de servizo:

- Potenciar o uso da telefonía fixa para as chamadas de voz, pois estamos na casa.
- Usar a rede wifi fixa para acceder a Internet.
- Utilizar ferramentas colaborativas (*Skype, Teams, WhatsApp*, etc) tamén para as comunicacións de voz.
- Evitar o envío de ficheiros pesados e substituílos por enlaces.
- Descargar os ficheiros pesados nas «horas val» (as de menos tráfico).
- Realizar audioconferencias en lugar de videoconferencias.

**#EuQuedoNaCasa**

**R Comunicación**  
[prensa@mundo-r.net](mailto:prensa@mundo-r.net)  
[R.gal/euquedonacasa](http://R.gal/euquedonacasa)